

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DO ILTMO. CONCELLO
PLENO CORRESPONDENTE O DIA 20 DE AGOSTO DO 2002.-**

Na Casa Consistorial do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día vinte de Agosto do dous mil dous; á unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para procederen á celebración da sesión extraordinaria urxente do Concello Pleno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don José Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Antonio Domínguez Lorenzo, Dona María José Escudero Estévez, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Miguel Fidalgo Areda, Don Marcos Blanco Jorge, Don Xosé Prieto Pérez, Dona Maria Martínez Abal, Don Francisco Alonso Fernández, Don Secundino Rodríguez Gómez e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio do único asunto que conforma a anunciada Orde do Día, e que resulta se-lo seguinte:

1.- RATIFICACION DA URXENCIA DA SESION.-

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, para sinalar que a urxencia ven motivada polo prazo establecido para a resolución das alegacións e polo feito de que están pendentes da aprobación definitiva do presuposto determinadas cuestións municipais.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que o seu grupo vai a votar a prol da ratificación da urxencia da sesión, se ben, quere indicar que a ratificación da urxencia da sesión ven determinada polo feito de evita-la celebración das Comisións Informativas, xa que se o asunto tiña tanta urxencia ben se podía haber resolto con anterioridade.

De seguido, o Sr. Alcalde, somete a votación a ratificación da urxencia da sesión, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade a ratificación da urxencia da sesión.

**2.- RESOLUCION DE ALEGACIONES DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.O.E.
O ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2002.-**

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que vai a entrar nas cuestións técnicas do presuposto deixando á marxe as cuestións políticas, cuestión que xa esgrimiou na sesión

plenaria no que se aprobou inicialmente o presuposto; continúa dicindo que as súas alegacións baséanse na existencia de desequilibrio presupostario e na non adopción das medidas que establece a lexislación vixente para correxi-lo remanente de tesourería negativo tal como establece os informes do Sr. Interventor municipal relativos á liquidación do presuposto do ano 2001, o informe do Presuposto e o infome de 19 de agosto referente ás alegacións; outra alegación ó presuposto e, a previsión excesiva nas partidas de ingresos (IBI, ICIO e IAE), indicando que se vai a gastar máis do presupostado o cal correxirase a posteriori con modificacións presupostarias; di que se sube a taxa de recollida de lixo sen que haxa unha alteración real para a mesma, non se corrixe o déficit existente no servizo municipal de deportes e conservatorio nin adoptanse medidas para subsana-las deficiencias estruturais existentes, non existe compromiso firme doutras administracións para as inversións previstas; di que nota en falta unha relación de debedores pendentes de pago e acredores pendentes de cobro. Finaliza a súa intervención dicindo que o grupo de goberno non é consciente da situación económica do Concello nin siquera se o prantexa, indicando que o mellor é a aceptación das alegacións e se refagan os presupostos.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro integrante do grupo mixto, para sinalar que dita cuestión foi suficientemente debatida na sesión plenaria na que se aprobaron inicialmente os presupostos.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para manifesta-la súa conformidade co fondo da cuestión independentemente da vontade do grupo de goberno de analizala; di que houbo unha desidia total do grupo de goberno á hora de elabora-los presupostos cuestión que se manifestou na tardanza da presentación dos mesmos o cal feito veu motivado para tratar de evitar unha cuestión de confianza; di que existe unha falta de adicación do Sr. Alcalde a dita cuestión, deixando o tema en mans do concelleiro de Facenda; di que o plano de saneamento aprobado pola Corporación foi un rotundo fracaso; sinala que o grupo de goberno no ten nin progama, nin proxecto económico a longo prazo e preocúpalle pouco a situación económica do Concello.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para recordarlle ó Sr. Carreira Sebio que o que se está a debater son as alegacións ó presuposto e non as obras do río, estación de autobuses etc...; en canto ás alegacións sinala que foron amplamente debatidas no pleno de aprobación inicial dos presupostos; en canto ó

remanente de tesourería negativo di que é unha cuestión que non é nova e de feito en anteriores presupostos tratouse de atallar coa aprobación de presupostos con superávit, se ben neste ano o finaliza-la carencia dos préstamos faise imposible salvo que poñamos en perigo o funcionamento de determinados servicios; en canto ós ingresos di que se corresponden coa realidade e se houbo modificación nos mesmos veu determinado por deixar unha marxe á negociación cos membros da Corporación. Finaliza a súa intervención dicindo que a situación económica do Concello non se soluciona nun ano, sendo esta unha cuestión que haberá que analizar ó principio dunha lexislatura facéndose copartécipes e corresponsables tódolos membros da Corporación.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para sinalar que algo haberá que facer para tratar de subsana-la situación económica do Concello; di que coa carencia dos préstamos non se mellorou a situación económica do Concello; di tamén que o seu grupo ofreceuse ó principio de lexislatura para analiza-la situación económica e buscar solucións se ben o grupo de goberno quixo actuar por libre. Finaliza a súa actuación dicindo que faltan obxectivos claros neste tema por parte do grupo de goberno.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para sinalar que este presuposto non cumpre ningunha das expectativas dos veciños nin soluciona os problemas existentes neste pobo, indicando que os presupostos deberían ir orientados á dinamización económica e social do pobo de Ribadavia, e isto non é posible porque o grupo de goberno non sabe; di que ata fin de lexislatura deberiase facer un plano de saneamento mínimo co obxecto de subsanar algunha das deficiencias existentes, xa que no caso contrario deixaría unha situación practicamente inviable para os novos Corporativos; di que o remanente de tesourería negativo podería haberse solucionado se o Alcalde non houbera gastado cando era concelleiro de cultura 30 millóns máis do presupostado en festas e se houbese adicado o importe da venda do edificio de correos a correxir dita situación; sinala que o seu grupo vai a impulsar unha auditoría técnica sobre as obras existentes con irregularidades realizadas nesta e na pasada lexislatura e unha auditoria económica para coñece-la situación económica do Concello. Finaliza a súa intervención dicindo que o presuposto é deficitario e que o mesmo infrinxe o artigo 174 da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, para puntualizar que o importe da venda do edificio de Correos adicouse a amortizar débeda e a inversións; di que na área económica

do Concello fixose un bo traballo e pensa que hai que recoñecelo; en canto ás subvencións di que se atopan suficientemente documentadas. Finaliza a súa intervención dicindo que haberá que facer un esforzo económico para sacar ó pobo da situación económica na que se atopa.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para sinalar que aparte da documentación das subvencións di que a súa alegación ía no senso de que non van a poder ser xestionadas nesta lexislatura; di que no momento de aprobación do presuposto non existía o compromiso escrito das diversas Administracións; en canto ó da venda do edificio de correos di que os cartos foron á caixa do Concello e utilizaronse para gastos xerais e non para sanear economicamente o Concello.

De seguido sométese a votación ordinaria a aprobación ou non das devanditas alegacións, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.S.O.E. e B.N.G.); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto); abstencións, unha (Dona Maria José Escudero Estévez).- De seguido sométese de novo a votación, obtendose o mesmo resultado polo que, polo voto de calidade do Sr. Alcalde, fican rexeitadas as alegacións presentadas.

3.- APROBACION DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2002, AS SUAS BASES DE EXECUCION E CADRO DE PERSOAL.-

Unha vez resoltas as alegacións presentadas a aprobación inicial do presuposto, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación definitiva do presuposto para o exercicio económico do 2002, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, seis (P.S.O.E. e B.N.G.).- Polo tanto, e por maioría absoluta fica aprobado definitivamente o Orzamento Xeral para ano 2002, cun importe de 5.433.667,71 euros en ingresos e de 5.433.667,71 euros en gastos; aprobación tamén, das Bases de Execución deste Orzamento Xeral segundo aparecen redactadas no expediente e o cadro de persoal deste Concello que figura tamén no expediente, en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de Abril, en relación co 90 da Lei 7/1985, do 2 de Abril.- Unha vez aprobado definitivamente que se cumpra o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e mesmo do Taboleiro de Anuncios deste Concello, co cadro de persoal e relación de postos de traballo segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de Abril e 153 da repetida Lei; noutro caso, procederá de acordo co sinalado no nº 1 deste último artigo.- Que de

conformidade co nº 4 do mesmo artigo se remita copia do referido Orzamento Xeral á Administración do Estado e mesmo á Comunidade Autónoma.

E sendo as dúas e media do mediodia o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario, certifico.